

TEMA 8: XESÚS DE NAZARET

A presenza encarnada de Deus entre nós

Lc 8,40-56

"Non temas, abonda con que teñas fe"



Ambientación

Finalizamos o percorrido por algúns profetas do Antigo Testamento. Facémolo escoitando a Xesús, o gran profeta de todos os tempos. No texto de hoxe preséntasenos como o Señor da vida. Iniciamos a nosa sesión cun **canto**.

Antes de comezar buscamos **Lc 8,40-56.**

Miramos a nosa vida

Antonio perdeu á súa esposa María tras unha longa enfermidade. Era unha morte anunciada pero foi unha enfermidade longa e dolorosa con poucos días alegres e moitos que metían o corazón nun puño. Un cancro que a acompañou máis de dez anos. Os últimos meses foron especialmente complicados porque non había nin un só día no que María se atopase ben. Desde a súa morte Antonio sentiu como unha bendición do ceo as visitas dos seus fillos que se independizaron aínda que non deixan de chamalo e visitalo. Especialmente dálle vida o ver a súa netiña Myrian de dous anos... E unido a todo iso, vai a Misa cada día. Un amigo dille que se deixe de parvadas, pero Antonio atopa paz rezando.

- *Que lle axuda a Antonio na súa situación?*
- *Pasaches algunha vez por unha experiencia similar? Podes compartila co grupo.*
- *Que ou quen che axuda a seguir camiñando, a recobrar a vida?*

Escoitamos a Palabra de Deus

Esta experiencia da que falamos é universal. Todo ser humano pasa por momentos de escuridade e de morte. Lucas, o evanxelista da tenrura de Deus, presenta a Xesús

como a man salvadora da morte, como o Señor da vida, para dúas persoas que precisaban dela.

- Gardamos uns **momentos de silencio**. Facémonos conscientes de que o Señor, a través da súa Palabra, quere transmitirnos algo importante.
- Unha persoa do grupo proclama **Lc 8,40-56**. Mentres todos escoitamos con atención.

⁴⁰O voltar, Xesús foi recibido pola xente, pois todos estaban a agardar por el. ⁴¹Nisto chega un home chamado Xairo, que era o xefe da Sinagoga, bótase ós pés del e suplicáballe que entrase na súa casa, ⁴²porque tiña a súa filla única de doce anos ás portas da morte. E indo para alá, a xente non paraba de apertalo.

⁴³Unha muller que padecía de hemorraxias desde había doce anos, sen que ninguén a puidese curar, ⁴⁴achegouse por detrás, tocoulle a orla da roupa e no instante cortóuselle a hemorraxia. ⁴⁵Entón Xesús preguntou:

-¿Quen foi o que me tocou?

Todos dixeron que eles non foran, e Pedro replicou:

-Pero, Mestre ¡a xente estate apertando por todos os lados!

⁴⁶Pero Xesús porfiou:

-Alguén me tocou, que eu ben me decatei de que unha forza saía de min.

⁴⁷Entón a muller, tremendo, veu caer ante el, manifestando diante de todo o pobo por que o tocara e como curara no instante. ⁴⁸El díxolle:

-Filla, a túa fe sandoute, vai en paz.

⁴⁹*Estando aínda a falar, chegou un da casa do xefe da sinagoga a dicirlle:*

-A túa filla morreu, non molestes máis ó Mestre.

⁵⁰*Mais Xesús escoitou aquilo e díxolle:*

-Non teñas medo: ti ten fe, e a rapaza hase salvar.

⁵¹*O chegar á casa, non permitiu a ninguén entrar con el agás Pedro, Xoán, Santiago e o pai e mais a nai da nena.*

⁵²*Todos choraban moi aflixidos por ela. Pero Xesús dixo:*

-Non choredes: non morreu, está a durmir.

⁵³*A xente facía riso del, sabendo ben que estaba morta.*

⁵⁴*Entón El, colleuna pola man e chamouna dicindo:*

-¡Acorda, rapaza!

⁵⁵*A rapaza recobrou o alento e coa mesma ergueuse; Xesús mandou que lle desen de comer á rapaza. Os pais quedaron admirados; ⁵⁶pero Xesús mandoulles non contar nada do sucedido.*

- Cada un volve ler persoalmente a pasaxe e tenta comprender o que di, axudado das notas da súa Biblia. Le de novo Lc 8,42 b-48.
- Todos xuntos tratamos de responder ás seguintes preguntas:
 - *Para un xudeu o sangue era sinal de vida. Que lle pasa a esa muller? Que busca en Xesús?*

- *A lei xudía consideraba á hemorroísa unha persoa impura e afastábaa da vida social. Que fai Xesús con ela? Con que palabras a despíde?*
- *Ves algúns trazos similares entre a pasaxe da hemorroísa e o da filla de Xairo?*
- *Cal é o rostro de Xesús que se mostra neles?*

Volvemos sobre a nosa vida

A pasaxe do evanxeo segundo Lucas que lemos ofrece luz sobre as preguntas que nos facíamos ao principio deste encontro. Xesús libera á muller que, enferma de hemorraxias, vía como se lle estaba escapando a vida e salva da morte á filla de Xairo. Él, fonte de vida, o auténtico rostro do Deus da vida, quere entrar tamén na nosa existencia cotiá.

- *En que situacións Xesús foi para ti fonte de vida?*
- *De que formas concretas transmitimos a vida que recibimos de Deus?*

Oramos

Facemos oración co que escoitamos e meditamos neste encontro ao redor da Palabra.

- Oramos persoalmente. Podemos visualizar no noso interior as nosas mortes, a nosa sede de vida, as

"enfermidades" da nosa sociedade. Xesús pasa ao noso lado. Tocámoslle a orla do manto. Entra na nosa casa e dinos, como á filla de Xairo: "levántate". Pensamos despois nas veces que, ao longo da nosa vida, o Señor se puxo ao noso lado para darnos vida; pensamos nas persoas e nos acontecementos que, no noso camiño, foron testemuñas da súa bondade, tenrura e misericordia.

- Cada un expresa espontáneamente, en voz alta, a súa oración ao Señor.
- Podemos formular un compromiso que nos axude a vivir a mensaxe do Deus da vida que nos transmitiron os profetas do Antigo Testamento e Xesús, o gran profeta.
- Podemos rematar cantando ou escoitando a canción "Gracias a la vida", de Violeta Parra.

Gracias a la vida que me ha dado tanto
Me dio dos luceros, que cuando los abro
Perfecto distingo lo negro del blanco
Y en el alto cielo su fondo estrellado
Y en las multitudes el hombre que yo amo

Gracias a la vida que me ha dado tanto
Me ha dado el oído que en todo su ancho
Graba noche y día, grillos y canarios
Martillos, turbinas, ladridos, chubascos
Y la voz tan tierna de mi bien amado

Gracias a la vida que me ha dado tanto
Me ha dado el sonido y el abecedario
Con él las palabras que pienso y declaro
Madre, amigo, hermano, y luz alumbrando
La ruta del alma del que estoy amando

Gracias a la vida que me ha dado tanto
Me ha dado la marcha de mis pies cansados
Con ellos anduve ciudades y charcos
Playas y desiertos, montañas y llanos
Y la casa tuya, tu calle y...

Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=w67-hlaUSIs>

Para o guía ou membros do grupo que queiran profundizar un poco máis no tema: Francesc Ramis Darder, Ha hablado el Dios de la Vida, Verbo Divino (Estella-2002) px. 185 a 197.

